

Expediente núm.: 745/2026

BASES DA CONVOCATORIA PARA CONCESIÓN DE AXUDAS INDIVIDUAIS PARA DEPORTISTAS DO CONCELLO 2026.

O deporte é unha práctica de alto interese para os estados polos valores que promove e pola achega có que contribúe a sociedade; non só reporta múltiples beneficios físicos e psicolóxicos favorecendo a adopción de estilos de vida activos e saudables, senón tamén se converte nunha potente ferramenta transformadora social e unha actividade formadora, desempeñando un papel importante como promotor da integración social e do desenvolvemento económico en diferentes contextos.

Os referentes deportivos son axentes esenciais na transmisión destes valores e un estímulo para o fomento do deporte de base. A práctica deportiva é un factor clave de saúde e contribúe directamente no logro de moitos dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible para o 2030. A OMS salienta a importancia da práctica deportiva en todas as idades instando aos Estados a promoción do movemento “Let’s move”.

Atendendo a esta perspectiva, dende a Concellería de Deportes, sendo conscientes da menor visibilidade e proxección que teñen os deportes que se desenvolven de xeito individual, e da maior dificultade que pode xurdir para adestrar e participar en distintas competicións, co obxectivo de promover e difundir o deporte e para impulsar a súa práctica convoca unhas axudas económicas que contribúan a sufragar parte dos gastos derivados da práctica deportiva.

As bases reguladoras da concesión destas axudas establécense de conformidade co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e coa Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Soutomaior aprobada polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada o día 30/01/2024.

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O obxecto da presente convocatoria é establecer os criterios que regularán a convocatoria das Axudas individuais para deportistas do Concello de Soutomaior, 2026.

Establécense tres liñas de axudas:

-liña 1: Axuda a deportistas individuais* que participación en competicións deportivas federadas oficiais¹ en modalidade individual

¹Entenderase por **competición deportiva federada oficial**, os campionatos, as ligas ou circuitos de diferentes competicións que se atopen baixo o amparo e organización dunha federación deportiva internacional, estatal ou autonómica e formen parte dos seus calendarios oficiais



-liña 2: Axuda individual a deportistas que participen en competicións deportivas federadas oficiais de carácter estatal ou internacional en modalidade de parellas, tríos ou cuartetos.

-liña 3: Axuda individual a deportistas que participen en competicións deportivas non oficiais ou en acontecementos deportivos competitivos de relevancia estatal² ou autonómica en modalidade individual ou parellas regulamentariamente establecidos.

As distintas liñas son excluíntes.

* Considéranse modalidades deportivas individuais aquelas nas que a clasificación, puntuación ou resultado depende exclusivamente do rendemento dunha única persoa deportista.

Actuación subvencionable liña 1:

- A participación en competicións deportivas federadas oficiais en modalidade individual

Actuación subvencionable liña 2:

- A participación en competicións deportivas federadas oficiais, de carácter estatal ou internacional, en modalidade de parellas, tríos ou cuartetos .

Actuación subvencionable liña 3:

- A participación en competicións deportivas non oficiais ou en acontecementos deportivos competitivos de relevancia estatal ou autonómica en modalidade individual ou parellas, regulamentariamente establecidos.

Gastos subvencionables:

Material deportivo funxible ou técnico necesario para a actividade , equipamento persoal, gastos de licenzas federativas requiridas para a participación en ditas competicións, cotas de socios aprobadas polo clube; aloxamento vinculado á participación en competicións oficiais e manutención durante o desenvolvemento das actividades deportivas (na parte proporcional ao deportista no caso de facturas de viaxes e aloxamento da familia do menor); desprazamentos a competicións e adestramentos a partir de 30 km, servizos relacionados co deporte, tales como psicoloxía, medicina, fisioterapia ou/e preparación deportiva así como outros gastos directamente relacionados coa actividade deportiva do solicitante e que estean xustificadas axeitadamente.

****Cando algún gasto se destine a varios conceptos, non sendo algún deles subvencionables na presente convocatoria, non se terán en conta.**

SEGUNDA.- DESTINATARIOS/AS.

² Entenderase por **actividade deportiva competitiva non oficial ou acontecemento deportivo competitivo de relevancia estatal ou autonómica** aqueles eventos, probas e demais acontecementos deportivos organizados ou recoñecidos polas federacións deportivas españolas, administracións públicas ou terceiros de acordo cos requisitos establecidos regulamentariamente.



Os/as deportistas que participen nas competicións oficiais referidas incluídas nos seus respectivos calendarios de carácter provincial, autonómico, estatal ou internacional (para a liña 1); en competicións referidas incluídas nos seus respectivos calendarios de carácter estatal ou internacional (para a liña 2) e en competicións deportivas non oficiais ou en acontecementos deportivos competitivos de relevancia estatal ou autonómica (para a liña 3) e manteñan na data de presentación de solicitudes a súa actividade competitiva e federada.

Os/as aspirantes terán que cumprir os seguintes requisitos:

- Estar empadroados no Concello de Soutomaior antes do **01-01-2026**
- Estar federados no período para o que se solicita a axuda e na data de solicitude da mesma dentro da modalidade que practiquen.
- Participación mínima
 - o para a liña 1: en 4 probas que formen parte do calendario oficial da federación correspondente
 - o Para a liña 2: en 1 campionato nacional ou internacional e que forme parte do calendario oficial da federación correspondente
 - o Para a liña 3: participación en 2 eventos catalogados como actividade deportiva competitiva non oficial ou acontecementos deportivos competitivos de relevancia estatal ou autonómica.
- Estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica, así como estaren ao corrente das obrigas coa Seguridade Social e co Concello de Soutomaior.
- Os establecidos no artigo 13 da Lei xeral de subvencións e aplicables no presente caso.
- Non estar cumprindo sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.

As axudas reguladas nas presentes bases concederanse en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.

TERCEIRA.- CONTÍA E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A dotación orzamentaria total da presente convocatoria é de **8.500,00 €** con cargo á partida 341.480, distribuída entre as distintas liñas:

- Para a liña 1: 4.500,00 €
- Para a liña 2: 2.500,00 €
- Para a liña 3: 1.500,00 €



O importe da axuda individual será o resultado da baremación de cada solicitude aplicando a seguinte fórmula :

Importe total liña correspondente € x Puntuación individual

Puntuación total dos solicitantes de cada liña

A puntuación individual final de cada solicitante establecerase polos puntos obtidos na baremación, segundo a fórmula anterior, multiplicados polo coeficiente do deporte.

Coeficientes deporte: Deporte	Coef.
Automobilismo / Motorismo ou análogo	1,40
Ciclismo-Deportes Inercia ou análogo	1,30
Piragüismo-Remo ou análogo	1,30
Patinaxe	1,20
Tiro/ Tiro con arco ou análogo	1,10
Artes Marciais ou análogo	1,00
Atletismo	1,00
Ximnasia	1,00
Natación	1,00
Outros deportes	*

* Se hai deportes non especificados na lista, será competencia da comisión de valoración fixar o coeficiente a aplicar por asimilación con deportes semellantes.

O importe desta axuda non poderá superar o 5 % do orzamento total das axudas.

En caso de que exista crédito sobrannte nalguna das liñas, redistribuirase proporcionalmente entre as todas as liñas, ata esgotar o crédito dispoñible.

CUARTA.- DOCUMENTACIÓN, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou ben a a través dos procedementos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, tamén poderán presentar a súa solicitude electronicamente a través de <http://soutomaior.sedelectronica.es/>.

Cando os deportistas sexan menores de idade as axudas terán que ser solicitadas polas nais, pais ou titores.

Data límite para a presentación de solicitudes: 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO.

Estas bases publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica, no Boletín Oficial da Provincia e na BDNS.



Cada deportista só poderá presentar unha única solicitude de axuda, independentemente do número de modalidades deportivas que practique; tendo que optar por unha única liña de axuda, xa que estas son excluíntes.

As solicitudes de subvención virán acompañadas da seguinte documentación:

- a) DNI do solicitante e do pai, nai ou titor e libro de familia no caso de menores de idade
- b) Autorización comprobación do empadramento. (anexo I)
- c) Declaración xurada das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas polo solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas (nacionais ou estranxeiras) para o financiamento da actividade para a que se solicita a axuda (Anexo II).
- d) Declaración xurada de non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario da subvención conforme ao disposto no art. 13 da Lei xeral de subvencións. (Anexo II).
- e) Declaración xurada de estar ao corrente das obrigas coa Axencia Tributaria autonómica, coa facenda galega e coa Seguridade Social. (Anexo II)
- f) Licenza federativa vixente. Ano 2026
- g) Licenza federativa correspondente ao ano dos resultados a valorar.
- h) Autorización, segundo o modelo anexo III, para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada. A presentación deste documento é obrigatoria para as solicitudes presentadas físicamente no Rexistro do Concello para axilizar a notificación de emenda.
- i) Memoria deportiva da tempada 2025 ou 2025-2026, segundo corresponda no calendario deportivo oficial (anexo IV) acompañada dos certificados oficiais (Anexo V emitido pola Federación correspondente -liñas 1 e 2 ou Anexo VI emitido por la entidade promotora- liña 3) ou calendario oficial coa acta da competición/resultados, así como calquera outra documentación acreditativa dos apartados recollidos na mesma que permita a verificación da participación do solicitante. Se a información facilitada non permite dita verificación non se valorará.

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nelas.

A concorrencia ao proceso de concesión das axudas implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei orgánica 3/2018 de 05 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos persoais.

A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a tramitación do expediente correspondente.



QUINTA.- PROCEDEMENTO.

Recibidas as solicitudes de subvención, o exame e comprobación das mesmas levarase a cabo por unha Comisión de Valoración formada polos membros que se establezan nas Bases reguladoras respectivas. Obrigatoriamente un dos seus membros actuará de Secretario da Comisión. As solicitudes de subvención deberán presentarse no modelo establecido.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Comisión de Valoración poderá requirir ao interesado para que emende os defectos detectados na solicitude no prazo de 5 días hábiles desde a notificación, na que se advertirá que de non producirse dita emenda teráselle por desistido da súa solicitude.

A comisión de valoración, constituída con tal fin, terá a seguinte composición:

Presidenta/e: A Coordinadora Deportiva do Concello de Soutomaior ou persoa en quen delegue

Secretaria/o: A Axente de Emprego e Desenvolvemento Local ou persoa en quen delegue

Vogais:

- A técnica de xestión de cultura, deportes e xuventude do Concello ou persoa en quen delegue
- A Animadora lúdico-deportiva do Concello.
- 1 administrativa do Concello ou persoas en quen deleguen

Examinadas as solicitudes presentadas, e concluído o prazo de emenda da solicitude no seu caso, a Comisión de Valoración emitirá un informe no que se inclúa, como mínimo, as solicitudes desestimadas e o motivo da desestimación, as solicitudes estimadas e a contía da axuda a conceder e o cumprimento dos requisitos previstos nas presentes bases.

O órgano municipal competente para a concesión das subvencións/axudas é a Xunta de Goberno local, que analizará a proposta de resolución, en base ao informe presentado pola Comisión de Valoración ante o órgano concedente.

A resolución ou acordo fará constar de forma expresa:

- a) A relación de solicitantes.
- b) Os beneficiarios das subvencións e contías das mesmas.
- c) Os criterios de valoración.
- d) Mención expresa á desestimación do resto de solicitudes.

O prazo máximo para resolver e notificar o procedemento será de seis meses contados a partir do día seguinte ao de finalización do prazo para presentación de solicitudes. Os interesados poderán entender desestimadas as solicitudes, por silencio administrativo, se transcorrido o devandito prazo non se ditou e notificou resolución expresa.



A notificación da resolución realizarase de acordo co previsto no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro. Contra os actos de resolución expresa poderán interpoñerse potestativamente Recurso de Reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto ou ben directamente Recurso Contencioso Administrativo.

Os/as beneficiarios/as deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento recibido, facendo naqueles elementos en que sexa posible, a comunicación de que se recibiu unha colaboración por parte do Concello de Soutomaior.

SEXTA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN.

A documentación a valorar deberá cinxirse exclusivamente a unha única liña e modalidade deportiva para a que se solicita a axuda e na que o/a deportista teña a correspondente ficha federativa.

De acordo co punto primeiro das presentes bases, os criterios de baremación serán os seguintes:

Liña 1: Axuda a deportistas individuais

a) Participación deportiva: máx. 11 p

- Participación no 70% das probas que compoñen circuítos, ligas, (...), ou en polo menos 6 probas ao longo da tempada.
- Participación en polo menos dous Campionatos: Provincial/ Galego/España. Non se valorarán as diferentes modalidades dun campionato como campionatos diferentes

Acreditación: Calendario correspondente acompañado da acta de resultados da competición con identificación da competición e modalidade, lugar e data da mesma ou calquera outro documento para a verificación destes datos. Tamén se pode acreditar coa certificación federativa asinada e selada polo Secretario/a de federación (ANEXO V)

b) Desprazamentos Máximo 11 puntos.

A competicións oficiais

Desprazamento	Puntos
Desprazamento provincial	3
Desprazamento autonómico	5
Desprazamento Península Ibérica	7
Desprazamento insular (Illas Canarias ou Baleares)	9
Desprazamento Internacional fora da península ibérica	11

Valorarase unicamente un por ámbito de desprazamento.

Acreditación: Calendario correspondente acompañado da acta de resultados da competición con identificación da competición e modalidade, lugar e data da mesma ou calquera outro documento



para a verificación destes datos. Tamén se pode acreditar coa certificación federativa asinada e selada polo Secretario de federación (ANEXO V)

c) Participación en deportes que supoñan unha ruptura de barreiras culturais, segundo o anuario de estadísticas deportivas 2025 do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes (Deporte federado) (% Inferior a 35%): 1 puntos.

d) Diversidade funcional e/ou trastornos de conduta: 3 puntos

Para a acreditación da condición de diversidade psíquica e/ou funcional achegárase algún dos seguintes documentos

- Certificado de discapacidade emitido por organismo oficial.
- Certificado dun equipo de orientación educativa e/ou psicopedagóxico público.
- Informe médico que acredite a circunstancia.

e) Condición do deportista. Máximo 6 puntos.

A valoración deste criterio realizarase segundo os seguintes apartados

- Condición de deportista de alto nivel recoñecidos na última listaxe publicada antes de estas bases polo CSD ou pola Xunta de Galicia (DAN/DGAN/e de Rendemento Deportivo de Base): 6 puntos.
- Convocado por selección nacional en concentracións permanentes ou concentracións destinadas a preparación para participación en probas ou campionatos internacionais: 4 puntos.
- Convocado por seleccións autonómicas en concentracións permanentes en Centros de tecnificación ou de alto rendemento ou concentracións destinadas a preparación para participar en probas ou campionatos estatais: 2 puntos.

Acreditación: BOE, DOG ou comunicación oficial emitida pola federación outorgadora de tal condición.

Liña 2: Axuda individual a deportista que compita en parella, trío ou cuarteto.

a) Desprazamentos Máximo 11 puntos.

A competicións nacionais oficiais

Desprazamento	Puntos
Desprazamento provincial	3
Desprazamento autonómico	5
Desprazamento Península Ibérica	7
Desprazamento insular (Illas Canarias ou Baleares)	9



Desprazamento Internacional fora da península ibérica	11
--	----

b) Participación en deportes que supoñan unha ruptura de barreiras culturais, segundo o anuario de estadísticas deportivas 2025 do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes (Deporte federado) (% Inferior a 35%): 1 puntos.

c) Diversidade funcional e/ou trastornos de conduta: 3 puntos

Para a acreditación da condición de diversidade psíquica e/ou funcional achegárase algún dos seguintes documentos

- Certificado de discapacidade emitido por organismo oficial.
- Certificado dun equipo de orientación educativa e/ou psicopedagóxico público.
- Informe médico que acredite a circunstancia.

d) Rendemento deportivo. Máximo 11 puntos.

d.1.- Resultados deportivos (Máximo 5 puntos).

Logros obtidos en competicións deportivas federadas¹ pertencentes aos calendarios oficiais dos diferentes niveis competitivos.

Resultado	1º-3º	4º-10º	11º-20º
Campionato internacional	7	5	3
Campionato de España	4	3	2

Valorarase unha única proba por nivel competitivo.

Acreditación: Calendario oficial acompañado da acta de resultados da competición con identificación da competición e modalidade, lugar e data da mesma. Tamén se pode acreditar coa certificación federativa asinada e selada polo Secretario/a de federación (ANEXO V)

2.- Condición do deportista. Máximo 6 puntos.

A valoración deste criterio realizarase segundo os seguintes apartados

- Condición de deportista de alto nivel recoñecidos na última listaxe publicada antes de estas bases polo CSD ou pola Xunta de Galicia (DAN/DGAN/e de Rendemento Deportivo de Base): 6 puntos.
- Convocado por selección nacional en concentracións permanentes ou concentracións destinadas a preparación para participación en probas ou campionatos internacionais: 4 puntos.

Liña 3.- Axuda individual a deportistas que participen en competicións deportivas non oficiais ou en acontecementos deportivos competitivos de relevancia estatal ou autonómica

a) Participación deportiva: máx. 11 p



- Participación en 3 eventos.: 6 puntos
- Participación en 5 eventos: 9 puntos
- participación en 6 ou máis eventos: 11 puntos.

b) Desprazamentos Máximo 11 puntos.

A competicións deportivas non oficiais ou en acontecementos deportivos competitivos de relevancia estatal ou autonómica

Desprazamento	Puntos
Desprazamento provincial	3
Desprazamento autonómico	5
Desprazamento Península Ibérica	7
Desprazamento insular (Illas Canarias ou Baleares)	9
Desprazamento Internacional fora da Península Ibérica	11

c) Participación en deportes que supoñan unha ruptura de barreiras culturais, segundo o anuario de estadísticas deportivas 2025 do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes (Deporte federado) (% Inferior a 35%): 1 puntos.

d) Diversidade funcional e/ou trastornos de conduta: 3 puntos

Para a acreditación da condición de diversidade psíquica e/ou funcional achegárase algún dos seguintes documentos

- Certificado de discapacidade emitido por organismo oficial.
- Certificado dun equipo de orientación educativa e/ou psicopedagóxico público.
- Informe médico que acredite a circunstancia.

SÉTIMA.- RESOLUCIÓN, PUBLICIDADE E RECURSOS

A resolución porá fin á vía administrativa e contra esta os/as interesados/as poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano no prazo dun mes desde a notificación, ou ben alternativamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á referida publicación.

A resolución do procedemento farase pública, de acordo coa Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Soutomaior .

OITAVA.- PAGAMENTO DAS AXUDAS



O pagamento das axudas farase de acordo coa Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Soutomaior, nun único pagamento previa presentación dos gastos xustificadas .

A xustificación das axudas concedidas realizarase mediante a presentación dos seguintes documentos:

- Facturas ou documentos análogos orixinais polo importe subvencionado **emitidas no exercicio 2026**. As facturas deben corresponderse con gastos relacionados coa actividade obxecto de subvención e deberán emitirse a nome do beneficiario ou do representante legal no caso de menores de idade, e cumprir cos requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigacións de facturación. Deberán conter como mínimo:
 - Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura.
 - Desagregación do IVE ou imposto correspondente; non caso de exención, deberá facerse constar expresamente na factura.
 - Nome, e apelidos e NIF do beneficiario da subvención o representante legal no caso de menores de idade
 - Descrición do obxecto, servizo ou subministro prestado facendo referencia ao menor no caso de que a factura se emita a nome do representante legal.
 - Número de factura, data de emisión e denominación de “factura”.
- Xustificante bancario do pago correspondente as facturas achegadas. Non se admitirá outro tipo de pago que non sexa acreditación bancaria.
- Acreditación da publicidade do financiamento público obtido mediante a inclusión da imaxe institucional da entidade concedente así como lendas relativas ao financiamento público en medios comunicación, redes sociais e na indumentaria/equipamento deportivo empregado para competir ou adestrar.
- Relación das subvencións obtidas doutras Administracións ou Entidades Públicas ou privadas para ou mesmo obxecto; en caso negativo, deberá deixarse constancia dese feito mediante a correspondente declaración responsable (Anexo III).
- Xustificación de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, Consellería de Facenda da Xunta, e Axencia Estatal da Administración Tributaria (Anexo III).
- Calquera outra que sexa solicitado polo concello.

O importe dos gastos xustificadas deberá acadar, como mínimo, a contía da subvención concedida.

Non caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de 10 días para a súa corrección.

Prazo de xustificación: **ata o 30 de outubro** do ano en curso.

As axudas estarán suxeitas ás retencións fiscais obrigatorias

NOVENA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS/AS:

De acordo co establecido nos artigos 14 LXS e 11 LSG serán obrigas dos beneficiarios:



1. Facilitar a información que lle sexa requirida polo Concello de Soutomaior e polo Consello de Contas de Galicia, ao obxecto de supervisar a adecuada aplicación da subvención e someténdose á responsabilidade e ao réxime sancionador establecido na Lei Xeral de Subvencións, e no seu caso, ao disposto no vixente Código Penal.
2. Comunicar ao Concello a obtención de calquera outra subvención ou axuda de calquera entidade pública ou privada que teña por finalidade as actividades subvencionadas.
3. Dar publicidade da axuda concedida. Estarán obrigados a sinalar a condición de beneficiario das axudas percibidas. Isto poderá realizarse a través de medios comunicación, redes sociais e na indumentaria/equipamento deportivo empregado para competir ou adestrar. Terá que levar o escudo ou logo do Concello de Soutomaior actualizado.

DÉCIMA.- CONTROL E REVOGACIÓN DA SUBVENCIÓN.

O Concello de Soutomaior resérvase o dereito a orientar tecnicamente as actividades, a comprobar os datos económicos así como a supervisar a efectiva realización das mesmas, e dar a coñecer publicamente as actividades subvencionadas.

O Concello de Soutomaior poderá revogar nos seguintes casos:

- a) Declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación do procedemento de concesión.
- b) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.
- c) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- d) Incumprimento da obrigaón de xustificación ou a xustificación insuficiente.
- e) Incumprimento da obrigaón de difundir o carácter municipal da achega recibida.
- f) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro descritas na presente ordenanza.
- g) O cambio do destino fixado na orde de concesión para o caso de bens inmoables inventariables antes do transcurso dos cinco primeiros anos desde o momento da concesión.

DISPOSICIÓN FINAL

En todo o non previsto nestas bases, aplicarase o disposto nas Bases de execución do orzamento xeral do concello de Soutomaior para o ano 2025, e nas normas legais e regulamentarias de aplicación, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no RD 887/2006 do 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Soutomaior aprobada polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada o día 30/01/2024 e demais



normativa de réxime local aplicable.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



ANEXOS

ANEXO I :SOLICITUDE AXUDA	
1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE Nome do/a solicitante _____ NIF _____ Nome e apelidos representante _____ NIF/DNI/NIE _____ Enderezo _____ C.P. _____ Localidade _____ Provincia _____ Enderezo notificación _____ - Tfno _____ Ttf.móbil _____ Correo electrónico _____	
2. SOLICITUDE Obxecto da subvención (marcar só unha) ☐ liña 1: Axuda a deportista individual ☐ liña 2: Axuda individual a deportistas de parellas, trios ou cuartetos ☐ liña 3: Axuda a deportistas participantes en eventos competitivos non oficiais ou de relevancia estatal ou autonómica.	
3. DOCUMENTACIÓN NECESARIA • DNI do solicitante e do pai,nai ou titor e libro de familia no caso de menores de idade • Certificado de empadronamiento (de oficio) • licenza federativa do ano en curso e a correspondente a tempada dos resultados a valorar • Declaración xurada das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas polo solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas (nacionais ou estranxeiras) para o financiamento da actividade para a que se solicita a axuda (Anexo II). • Declaración xurada de non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario da subvención conforme ao disposto no art. 13 da Lei xeral de subvencións. (Anexo II). • Declaración xurada de estar ao corrente das obrigas coa Axencia Tributaria autonómica, coa facenda galega e coa Seguridade Social. (Anexo II) • Autorización (Anexo III), para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada. A presentación deste documento é obrigatoria para as solicitudes presentadas físicamente no Rexistro do Concello para axilizar a notificación de emenda. • Memoria deportiva da tempada 2025 ou 2025-2026 (Anexo IV) acompañada dos certificados oficiais emitidos pola Federación correspondente (Anexo V) ou calendario e acta da competición/resultados, así como calquera outra documentación acreditativa dos apartados recollidos na mesma.	

COMPROBACIÓN DE DATOS.

CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS	AUTORIZO A
--	------------



A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos.	CONSULTA
Padrón municipal de habitantes	SÍ___NO___

☐ Fun informado/a de que esta entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas.

Información básica sobre protección de datos

Responsable: Concello de Soutomaior
Finalidade: Tramitar procedementos e actuacións administrativas.
Lexitimación: Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.
Destinatarios/as: Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e ás persoas Encargadas do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
Dereitos: Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.
Información Adicional: Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección https://soutomaior.sedelectronica.es/privacy

En Soutomaior a ___ de _____ de 20__

Sinatura.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR

A falsificación, ocultación ou inexactitude dos datos declarados poderá dar lugar, no seu caso ás correspondentes sancións administrativas ou de calquera índole que procedan.



	ANEXO II DECLARACIÓN XURADA	
1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE Nome do/a solicitante _____ NIF _____ Nome e apelidos do representante _____ NIF/DNI/NIE _____ Enderezo _____ C.P. _____ Localidade _____ Provincia _____ Enderezo notificación _____ - Tfno _____ Ttf.móbil _____ Correo electrónico _____		

DECLARO

- Que SI _____ NON _____ se lle concederon outras axudas coa mesma finalidade.

-Relación axudas solicitadas
Organismos públicos e entidades privadas _____ importe _____ -
- Relación de axudas concedidas
Organismos públicos e entidades privadas _____ importe _____

- Non esta incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para percibir axudas ou subvencións públicas e coñezo e acepto as bases da convocatoria.
- Está ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ter débedas de ningún tipo co Concello de Soutomaior.

Soutomaior, a _____ de _____ de 2026

(Sinatura)

	ANEXO III AUTORIZACIÓN	
--	---	--



1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Nome do/a solicitante _____

NIF _____

Nome e apelidos do representante _____ NIF/DNI/NIE _____

Enderezo _____ C.P. _____ Localidade _____ Provincia _____

Enderezo notificación _____ -

Tfno _____ Ttf.móbil _____ Correo electrónico _____

AUTORIZO

Ao Concello de Soutomaior para recibir, a través do enderezo electrónico e/ou sms indicados na solicitude a comunicación , de ser o caso, de ter una notificación de emenda de deficiencias materias na documentación administrativa presentada para a súa recollida nas oficinas xerais, así como do aviso da publicación ou posta a disposición dos acordos de concesión e pago das solicitude de axudas individuais a deportistas, 2026

Soutomaior, a _____ de _____ de 20____
(Fdo.)

	ANEXO IV MEMORIA	
--	-----------------------------------	--



1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Nome do/a solicitante _____

NIF _____

Nome e apelidos do representante _____ NIF/DNI/NIE _____

Enderezo _____ C.P. _____ Localidade _____ Provincia _____

Enderezo notificación _____ -

Tfno _____ Ttf.móbil _____ Correo electrónico _____

Deporte: _____

Entidade deportiva (club): _____

a) Participación deportiva

Nome da proba	Datos da competición	Lugar	Data

* incluír tantas liñas como sexan necesarias

b) Desprazamentos.

Para competición	Datos da competición: modalidade, data, lugar, denominación da competición.
Provincial	
Autonómico	
Península Ibérica	
Illas Canarias ou Baleares	
Internacional fora da Península Ibérica	



c) Diversidade funcional e/ou trastornos de conduta

SÍ _____ NON _____

d).-Condición do deportista

Condición.	SI/NON
Condición de deportista de alto nivel (DAN/DGAN)	
Convocatoria a selección nacional	
Convocatoria a selección autonómica	

En _____ a _____ de _____ de 2026

Asdo: _____

No caso de menores de idade, asina pai/nai/Titor

	ANEXO V CERTIFICADO FEDERATIVO	Liña 1 e 2
--	---	-------------------

Federación deportiva: _____

CERTIFICA QUE:

Nome do/a interesado/a _____ con DNI núm.
_____, deportista vinculado ao clube _____



Obtivo nas competicións pertencentes ó calendario oficial 2025 ou tempada 2025-2026 (segundo corresponda) os resultados que a continuación se mencionan:

Denominación da proba, modalidade, lugar e data onde se realiza.	Clasificación

En _____ a _____ de _____ de 2026.

Vº e Prace

Presidente/a da Federación.

SINATURA SECRETARIO/A

	ANEXO VI CERTIFICADO ENTIDADE PROMOTORA	LIÑA 3
--	--	--------

Entidade promotora do evento: _____

CERTIFICA QUE:

Nome do/a interesado/a _____ con DNI núm.



Participou nas competicións/eventos pertencentes ó calendario 2025 ou tempada 2025-2026 (segundo corresponda) que a continuación se mencionan:

Denominación da proba, modalidade, lugar e data onde se realiza.

En _____ a _____ de _____ de 2026.

A entidade promotora.

DILIXENCIA: Para facer constar que as presentes bases que ocupan 21 páxinas, e que conteñen 10 cláusulas, disposición final e 6 anexos foron aprobadas por Xunta de Goberno Local de data 29 de xuño de 2026.

Soutomaior, na data sinalada á marxe
A Secretaria-Interventora María Jesús Rodríguez Freire
Documento asinado electronicamente.

Cod. Validación: 6PFH56W7NX22RHJSTC9YXH2J7
Corrección: <https://soutomaior.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 21

